

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 18 DE NOVEMBRO DE 2021

Ás 11:05 horas do día 18 de novembro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 15 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Ruth María Santos Gallego, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 2a e 4a)
D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste ao punto 11)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 2b e 6a)
D^a. María Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste aos puntos 2c, 2d, 4b e 6b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Romil fase I" (976-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:43	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84C-54DC55-3C43B1-T9AHZS-BNBXMR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
3. ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.
4. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
5. NAROM, S.L.
6. OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.
7. ORECO, S.A.U.
8. ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
9. TERRAQUA SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
10. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. GARCI VENTA, S.L.
2. HIROMEGAL S.L.
3. ICOGA, S.L.
4. TORRES Y SAEZ, S.A.U.

- b) Outorgar un prazo de tres días a MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Concretamente deberá presentar un novo DEUC no que cumprimente todos os motivos de exclusión da parte III, dado que no DEUC presentado non consta respondida a seguinte pregunta recollida no punto "C: *Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional*": "Convenio con los acreedores". *¿Ha celebrado el operador económico un convenio con sus acreedores?"*

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2022 (8.982-335)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:43	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84C-54DC55-3C43B1-T9AHZS-BNBXMR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a CARROFESTA, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2022 (8.985-335)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. (lote 4)
 2. EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. (lotes 1, 3 e 4)
 3. SACAFERRO, S.L. (lotes 2 e 3)
 4. TROSMA PRODUCCIONES, S.L.U. (lote 1)

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Romil fase I" (976-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2022 (8.982-335)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:43	Páxina 3 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84C-54DC55-3C43B1-T9AHZS-BNBXMR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou no punto 2b conceder un prazo de tres días a un dos licitadores para que poidan emendar o DEUC.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2022 (8.985-335)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

➤ EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. (lotes 1, 3 e 4)

- Para o lote 1:

1º.- Oferta unha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G desta FEC do 6%.

2º.- O responsable de coordinación do evento en traballos de produción de espectáculos ou eventos similares á Cabalgata de Reis ten 5 anos de experiencia.

3º.- Redución de tempos nas tarefas de montaxe e desmonte:

- Montaxe dende as 16:00 do 4 de xaneiro e desmonte antes das 16:00 do 6 de xaneiro: si
- Montaxe dende as 12:00 do 4 de xaneiro e desmonte antes das 20:00 do 6 de xaneiro: non
- Montaxe dende as 12:00 do 4 de xaneiro e desmonte antes das 16:00 do 7 de xaneiro: non

4º.- Incrementa o número mínimo auxiliares do grupo V en 4.

- Para o lote 3:

1º.- Oferta unha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G desta FEC do 20%.

2º.- O coordinador/a de caracterización ten 5 anos de experiencia en traballos de caracterización.

3º.- Incremento o número mínimo (5) de traballadores/as para a realización de tarefas de acompañamento de nenos en 4.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:43	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84C-54DC55-3C43B1-T9AHZS-BNBXMR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



4º.- Achega os seguintes recursos para a realización do evento:

- 3 espellos de medio corpo con de iluminación sobre mesa: si
- Carpa tipo "jaima" de 5x5 con mobiliario e luz interior para punto de encontro de nenos/as: si

- Para o lote 4:

1º.- Propón como prezo sen IVE do lote 2 o de 2.200,00 euros.

2º.- Mellora do modelo de ambulancia con respecto ao esixido na cláusula 3 do PPT:

- Substitución de 2 ambulancias tipo SVB por 2 ambulancias tipo SVA o tipo C.

➤ **TROSMA PRODUCCIONES, S.L.U. (lote 1)**

1º.- Oferta unha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G desta FEC do 15,15%.

2º.- O responsable de coordinación do evento en traballos de produción de espectáculos ou eventos similares á Cabalgata de Reis ten 15 anos de experiencia.

3º.- Redución de tempos nas tarefas de montaxe e desmonte:

- Montaxe dende as 16:00 do 4 de xaneiro e desmonte antes das 16:00 do 6 de xaneiro: si
- Montaxe dende as 12:00 do 4 de xaneiro e desmonte antes das 20:00 do 6 de xaneiro: non
- Montaxe dende as 12:00 do 4 de xaneiro e desmonte antes das 16:00 do 7 de xaneiro: non

4º.- Incrementa o número mínimo auxiliares do grupo V en 4.

➤ **SACAFERRO, S.L. (lotes 2 e 3)**

- Para o lote 2:

1º.- Propón como prezo sen IVE do lote 2 o de 18.651,29 euros.

2º.- O responsable de PRL da montaxe e desmonte das infraestruturas ten 10 anos de experiencia.

3º.- Redución de tempos nas tarefas de montaxe e desmonte:

- Montaxe dende as 16:00 do 4 de xaneiro e desmonte antes das 16:00 do 6 de xaneiro: si
- Montaxe dende as 12:00 do 4 de xaneiro e desmonte antes das 20:00 do 6 de xaneiro: non



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:43	Páxina 5 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84C-54DC55-3C43B1-T9AHZS-BNBXMR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Montaxe dende as 12:00 do 4 de xaneiro e desmonte antes das 16:00 do 7 de xaneiro: non

4º.- Incrementa o número mínimo auxiliares do grupo V en 4.

- Para o lote 3:

1º.- Oferta unha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G desta FEC do 8%.

2º.- O coordinador/a de caracterización ten 12 anos de experiencia en traballos de caracterización.

3º.- Incremento o número mínimo (5) de traballadores/as para a realización de tarefas de acompañamento de nenos en 4.

4º.- Achega os seguintes recursos para a realización do evento:

- 3 espellos de medio corpo con de iluminación sobre mesa: si
- Carpa tipo "jaima" de 5x5 con mobiliario e luz interior para punto de encontro de nenos/as: si

➤ **AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. (lote 4)**

1º.- Propón como prezo sen IVE do lote 2 o de 2.000,00 euros.

2º.- Mellora do modelo de ambulancia con respecto ao esixido na cláusula 3 do PPT:

- Substitución de 2 ambulancias tipo SVB por 2 ambulancias tipo SVA o tipo C.

Dos 4 licitadores unicamente SACAFERRO, S.L. presenta o orzamento detallado esixido na cláusula 14.2C) do PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

- Conceder un prazo de tres días a AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. (lote 4), EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. (lotes 1, 3 e 4) e TROSMA PRODUCCIONES, S.L.U. (lote 1) para que poidan presentar o orzamento detallado esixido na cláusula 14.2C) do PCAP.
- Solicitar informe ao servizo xestor sobre as proposicións avaliadas a través de fórmula.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:43	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84C-54DC55-3C43B1-T9AHZS-BNBXMR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal interino e persoal laboral temporal ao servizo do Concello de Vigo (36.576-220)

Retírase este asunto por falta de quórum.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate en salvamento en altura e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.504-213)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate en salvamento en altura e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.504-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de setembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 14 de setembro de 2021.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data de 14 de setembro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:43	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84C-54DC55-3C43B1-T9AHZS-BNBXMR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3º.- Autorizar o gasto por importe de 88.400,00 euros, do que 15.342,15€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606290003 " Adquisición dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate e bombas de achique " do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 28 de outubro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate en salvamento en altura e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.504-213) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 "Compresor de aire e rampla de carga para as botellas de aire comprimido":

	Licitador	Prezo
1	SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L.	38.980,00 €
2	AIRBOX, S.A.	42.720,00 €

- Lote 2 "Colchón de rescate en altura":

	Licitador	Prezo
1	INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L.	16.355,00

- Lote 3 "8 Bombas de achique":

	Licitador	Prezo
1	AXATON, S.L.	11.392,00

Segundo.- Requirir aos licitador clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, **SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L. (B-70.250.055) (lote 1), INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (B-85.885.812) (lote 2) e AXATON, S.L. (B-91.586.529) (lote 3), para que presenten, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento a seguinte documentación:**

1. **SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L. (lote 1):** deberán presentar a escritura de constitución cos estatutos, poder de representación, declaración de non estar incurso en prohibición de contratar (cláusula 22.1.3º do PCAP) e a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP:
 - **Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.**



- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*

** Consultado o Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público consta un nome social diferente ao da empresa licitadora.*

2. **INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (lote 2):** *deberá presentar a escritura de constitución cos estatutos (se ben figura inscrita no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público consta un obxecto social diferente ao do obxecto do contrato - cláusula 22.1.3º do PCAP) e a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP:*

- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*

3. **AXATON, S.L. (lote 3)** *dado que figura inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público deberá presentar unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP:*

- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L. (B-70.250.055) (lote 1), INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (B-85.885.812) (lote 2) e AXATON, S.L. (B-91.586.529) (lote 3), o día 28 de outubro de 2021, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2021 considerou correcta a documentación presentada por INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. no lote 2 e AXATON, S.L. no lote 3 e incompleta a documentación de SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L. no lote 1 polo que acordou, por unanimidade, conceder a SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L. un prazo de tres días para que puidese acreditar correctamente a solvencia técnica de conformidade cos requisitos recollidos na cláusula 8.4.4º do PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:43	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84C-54DC55-3C43B1-T9AHZS-BNBXMR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O licitador presentou nova documentación o 12 de novembro de 2021, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2021 revisou a documentación presentada por SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L., sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosas para a administración contratante son as formuladas por SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L. (lote 1), INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (lote 2) e AXATON, S.L. (lote 3), de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 28 de outubro de 2021 polo que se ordenan por orde de menor a maior prezo as proposicións presentadas de conformidade co previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- "Adxudicar a *SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L.* (B-70.250.055) o lote 1 "Compresor de aire e rampla de carga para as botellas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:43	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84C-54DC55-3C43B1-T9AHZS-BNBXMR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



de aire comprimido” do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate en salvamento en altura e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.504-213) por un prezo total de 47.165,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.185,80 euros.

- *Adxudicar a INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (B-85.885.812) o lote 2 “Colchón de rescate en altura” do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate en salvamento en altura e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.504-213) por un prezo total de 19.789,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.434,55 euros.*
- *Adxudicar a AXATON, S.L. (B-91.586.529) o lote 3 “8 Bombas de achique” do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate en salvamento en altura e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.504-213) por un prezo total de 13.784,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.392,32 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:43	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84C-54DC55-3C43B1-T9AHZS-BNBXMR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		